

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE SETEMBRO DE 2020

Ás 10:00 horas do día 8 de setembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 3 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
D. Pablo Olmos Pita, suplente do xefe da Área Xudicial P.A. (asiste aos puntos 5c e 6c)
D. José Ignacio Oliveira López, xefe do Servizo de Museos (asiste ao punto 11c)
D^a. Dolores Bernárdez Fernández, suplente do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns P.A. (asiste ao punto 9a)
D. Lucio Camilo Varela Borreguero, suplente da xefa da Área de Xestión Territorial e Patrimonial (asiste aos puntos 9b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 2 de setembro de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (lotes 1 e 2)
2. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (lotes 1 e 2)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 1 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os anteriores licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (lotes 1 e 2)
 2. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (lotes 1 e 2)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 28 de agosto de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas o 1 de setembro de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

Entrégase o informe asinado polo letrado especialista na Orde Social, Civil, Contenciosa e Mercantil o 3 de setembro de 2020 de valoración do sobre B



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV
1	D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	601.909,04€	Si (10)	Si (40)

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Compróbase na sesión que a oferta presentada non contén valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3 do PCAP a Mesa outórgalle a máxima puntuación segundo o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV
1	WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	40 puntos	10 puntos	10 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	29 puntos	60 puntos	89 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada



de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	89 puntos

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO (35.925.740-Q), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV
1	ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA	1.785.969,80€	Si (10)	Si (40)

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste público á apertura D. Augusto Rodríguez Cagiao con DNI **.77.84*, en representación de ESMUVIGO, S.C.G.

Compróbase na sesión que a oferta presentada non contén valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3 do PCAP a Mesa outórgalle a máxima puntuación segundo o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo	(nº) día/s de actividades extraescolares complementarias ofertada	Horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV
1	ESMUVIGO, S.C.G.	40 puntos	10 puntos	10 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA	33 puntos	60 puntos	93 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA	93 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA (F-27.779.255), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 5 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.- BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN (lote 2)

Propón para **LOTE 2:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 4 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 10 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 4 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 4 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesal, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 0 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

2.- GARRIDO PROCURADOR & ASOCIADOS, S.L.P. (lote 2)

Propón para **LOTE 2:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 10 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 9 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 6 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 3 asuntos.

-Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 2 asuntos.

- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 0 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

3.- JESÚS ANTONIO GONZÁLEZ PUELLES CASAL (lote 1)

Propón para o **LOTE 1**:

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 6 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 0 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 6 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 5 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 7 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

4.- MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L. (lote 3)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 7 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Propón para o **LOTE 3:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 6 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 6 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 3 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 1 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesal, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 1 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 2 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 6 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 3 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

5.- MARÍA JESÚS NOGUEIRA FOS (lote 1)

Propón para o **LOTE 1:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 10 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 12 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 2 asuntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 8 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 12 asuntos.

- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 3 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 2 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 1 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 1 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

6.- PAULA LLORDÉN FERNÁNDEZ CERVERA (lote 1)

Propón para o **LOTE 1**:

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 8 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 0 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 10 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 8 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 2 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

7.- SAGRARIO QUEIRO GARCÍA (lotes 1, 2 e 3)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 9 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Propón para o **LOTE 1:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 14 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 3 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesal, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 0 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

Propón para **LOTE 2:**

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 14 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 10 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



órgano xurisdiccional: 3 asuntos.

- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 0 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

Propón para o **LOTE 3**:

- A seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%): 12%
- Acredita que ostentou a representación procesal ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos seguintes asuntos de maior entidade:
 - Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: 14 asuntos.
 - Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: 14 asuntos.
 - Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: 3 asuntos.
- Acredita unha formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a:
 - Cursos ou másteres de mais de 200 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 100 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 50 horas: 0 cursos ou másteres.
 - Cursos ou másteres de mais de 20 horas: 0 cursos ou másteres.
- Comprométese a designar un/unha procurador/a colexiado/a que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.

Todos os licitadores achegan documentación acreditativa coas súas proposicións.

Asiste á apertura D^a. Begoña Millán Iribarren con DNI **. *02.57*.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 11 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do programa de análise e avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 2 de setembro de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar ao servizo xestor unha ampliación do informe que recolla unha comparativa con maior detalle das proposicións presentadas.

b) Contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Administración Xeral de Patrimonio e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial o 1 e 2 de setembro de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 9a solicitar unha ampliación do informe.

b) Contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dunha póliza



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1º	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	90,00
2º	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	88,20
3º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	56,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-28.007.268), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 20 de agosto de 2020 se notificou a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. a resolución de clasificación neste procedemento e o requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP. O licitador presentou a documentación requirida o 2 de setembro, dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, que a documentación é correcta agás o importe da garantía depositada (2.896,98) ao non incluír o importe correspondente á parte variable do prezo do contrato (102,60 euros).

Dado que o importe da garantía depositada se corresponde co importe esixido na notificación da resolución de clasificación, enténdese que o erro puido ser inducido por esta Administración, polo que a Mesa acorda conceder un prazo de tres días a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. para que poida emendar a garantía depositada, completándoa en 102,60 euros, en calquera das formas previstas na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8.507-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 13 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8.507-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa "Vigo en Festas 2020"- Festival de Verán.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 17 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS NO "CICLO DE BANDAS DE MUSICA "AO SON DAS FESTAS DE VIGO"A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2020"

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 97.776,22 euros (IVE incluído). e sendo o valor estimado do contrato de 76.914,90 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 14 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8507-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G36855906), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o día 20 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 27 de agosto, dentro do prazo concedido.

Dado que o licitador achegou para acreditar a súa solvencia técnica unha declaración na que se inclúe, entre outros, a Organización do programa "Vigo un mar de bandas" coa Concellería de Cultura do Concello de Vigo por importe de 170.000 €, o Servizo de Contratación solicitou informe ao Servizo de Cultura ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Á vista da documentación presentada e tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, na sesión do 2 de setembro de 2020 acordou, por unanimidade, deixar pendente este asunto ata que o Servizo de Cultura emitise o informe solicitado.

Con data do 2 de setembro de 2020, o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural emite o informe requirido no que se inclúe o desenvolvemento polo licitador clasificado dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música" en 2019 por un importe total de 170.000 euros. Consta xustificación do pagamento nos expedientes 2854/330, 2983/330, 3035/330.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 15 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, de conformidade co acordo da Mesa do 18 de agosto de 2020 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliabile a través de fórmula por ser o único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G36855906) o procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no "ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo" (8.507-335) por un prezo total do contrato é de 80.000 euros (exento de IVE).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 3 de xuño de 2020, redactadas polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural, conformadas polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 18 de xuño de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 1.271.788,46 €, (un millón douscentos setenta e un mil setecentos oitenta e oito euros, con corenta e seis céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 220.723,62 € (douscentos vinte mil setecentos vinte e tres euros con sesenta e dous céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

2020 (4 meses).- Financiamento do importe de licitación: 211.964,74 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 192.780,48 € e servizo de mantemento: 19.184,26 €)

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 170.140,27 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 158.226,80 € e servizo de mantemento: 11.913,47 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 41.824,47 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 34.553,69 € e servizo de mantemento: 7.270,78 €).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2021.- Financiamento do importe de licitación: 635.894,23 €/anuais (Servizo de vixilancia de seguridade: 578.341,45 € e servizo de mantemento: 57.552,78 €).

Con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 510.420,81 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 474.680,39 € e servizo de mantemento: 35.740,42 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 125.473,42 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 103.661,06 € e servizo de mantemento: 21.812,36 €).

2022 (8 meses).- Financiamento do importe de licitación: 423.929,49 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 385.560,97 € e servizo de mantemento: 38.368,52 €). Con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsas de vinculación.

- Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 340.280,54 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 316.453,59 € e servizo de mantemento: 23.826,95 €)

- Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 83.648,95 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 69.107,38 € e servizo de mantemento: 14.541,57 €).

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de agosto de 2020, de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido nas regras de puntuación do apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación total
1	PROSEGUR SOLUCIONESINTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL	85,25
2	SECURITAS SEGURIDADESPAÑA SL	69,74

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- ("deberá ter autorización administrativa outorgada polo Ministerio do Interior de Inscripción no Rexistro Nacional de Empresas de Seguridade, en relación coas seguintes actividades de seguridade privada (Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada e Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro polo que se aproba o regulamento de seguridade privada)):

- Vixilancia e protección de bens, establecementos, lugares e eventos, tanto públicos como privados, así como das persoas que puideran atoparse neles.
- Instalación e mantemento de aparellos, equipos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control o de videovixilancia.
- A explotación de centrais para a conexión, recepción, verificación e, no seu caso, resposta e transmisión dos sinais de alarma, así como a monitorización de calquera sinais de dispositivos auxiliares para a seguridade de persoas, de bens mobles ou inmobles ou de cumprimento de medidas impostas, e a comunicación á Forzas e Corpos de Seguridade competentes nestes casos.")

E autorizacións administrativas específicas como empresas instaladoras e mantedoras de instalacións de protección contra incendios que as habiliten para realizar os servizos previstos no contrato (Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior)

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o día 31 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 3 e o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 17 e 24 de agosto de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014) o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo da parte variable constituída polos servizos de vixilancia de seguridade é de 1.156.682,90 euros, sendo o importe correspondente ao IVE 200.746,62 euros, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios do 9,01 %.*
 - *O prezo da parte fixa constituída polo servizo de mantemento de instalacións de seguridade é de 104.734,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.177,07 euros.*
 - *Propón unha bolsa de 323 horas/ano de servizos de vixilancia de seguridade, durante el período contractual, sen custo para o Concello,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 20 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



que se realizará en servizos en horarios distintos dos centros habituais ou en servizos que involucran reforzos nas posicións habituais derivadas das características das actividades ou de circunstancias especiais. A bolsa consistirá en:

- a) 249 en horario laborable diúrno
- b) 74 en horario festivo diúrno
- Comprométese a implantar un plan de formación continua do persoal en materia de seguridade de 25 horas anuais (a maiores das 20 horas lectivas anuais mínimas obrigatorias esixidas pola normativa de seguridade privada) respecto ás materias previstas no apartado 7B)3 do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Propón un incremento da dotación mínima anual para corrección de incidencias menores de mantemento correctivo nos sistemas de seguridade dos centros (antiintrusión e/ou contraincendios) de 2.060,91 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 horas, logo dun receso de 30 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:42	Páxina 21 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF42-EAB425-DFD4C6-6P2NN6-9VBBTR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		